

Vigo, 6 de setembro de 2021.

Estimado Director ou Directora:

O motivo da presente é poñer no seu coñecemento que, tras o parón realizado por mor das restricións derivadas da pandemia da COVID19, o Programa Ktorce18 da Asociación ARELA retoma a súa participación nos centros educativos de Galicia para o curso 2021 – 2022, con grandes novidades. Ó remate do curso 2018–2019, o Equipo Educativo responsable da impartición dos talleres reflexiona sobre os novos retos preventivos en función das demandas que se nos transmiten dende os centros.

Así, ademais da oferta realizada ata o de agora, de charlas - obradoiro onde se traballen as condutas infractoras que poden derivar nun delito cometido na adolescencia, este ano o Programa Ktorce18 da un paso mais e intentará ofrecer tamén unha resposta preventiva ás situacións de acoso escolar ou Bullying que tanto preocupan á comunidade educativa.

Dende que comeza a colaboración entre a Asociación ARELA e a Fundación Barrié, a partires do curso 2012–2013 ata xuño de 2019, impártense un total de **743 charlas** nos centros educativos de Galicia, nas que participaron **35.566 persoas** (entre alumnado, familias e profesorado). A media do **índice de satisfacción** dos e das participantes foi dun **4,55 sobre 5 puntos**.

#### **En que consiste o PROGRAMA Ktorce18?**

A proposta do Programa Ktorce18 de cara ó curso 2020-2021, ten a pretensión de ser unha oferta preventiva que abarque novos retos demandados polos centros educativos:

- Por unha banda, mantense a reflexión sobre as condutas infractoras e a Lei do Menor. Ofértase unha charla - obradoiro para o alumnado de entre 2º e 4º de ESO (e o das FPB), de 100 minutos de duración, cun claro obxectivo preventivo das condutas infractoras máis salientables na adolescencia, facendo especial fincapé no acoso escolar, as redes sociais, as pelexas e lesións, as ameazas, o maltrato familiar, o consentimento nas relacións, ... e en todos aqueles temas e situacións que viven de cerca os e as adolescentes, explicando as consecuencias legais e a responsabilidade das persoas menores de idade nas mesmas.
- Por outra banda, incorpórase a sensibilización fronte ó acoso escolar e o maltrato que ás veces pode darse nas aulas. Ofértase unha charla - obradoiro para o alumnado de entre 1º e 4º de ESO (e o das FPB), de 100 minutos de duración, co claro obxectivo de identificar posibles situacións de risco na aula e proporcionar ferramentas para que esas situacións de risco non desemboquen en situacións de acoso escolar.
- Por último, ofértanse materiais didácticos e actividades para a aula, co fin de seguir aprofundando no traballado nas charlas - obradoiro, a través do portal [http://www.fundacionbarrie.org/material\\_profesionales\\_familias](http://www.fundacionbarrie.org/material_profesionales_familias). As temáticas sobre as que se ofertan os materiais didácticos son as seguintes: Redes sociais, Acoso escolar ou Bullying, Violencia filio parental, e Consentimento nas relacións sexuais.

#### **Que precisamos?**

- Un grupo de alumnos e alumnas (grupo aula).

**Fundación Barrié**





- Unha aula onde realizar a charla, que conte con ordenador, pantalla ou parede na que proxectar, lousa, e son.

**Custe:**

As actividades do Programa Ktorce18 son gratuítas para os centros educativos de Galicia.

**Que pode participar?**

Todos os centros educativos de Galicia que impartan a ESO o que teñan alumnado de FPB (Formacións Profesionais Básicas). Cada provincia terá unha cota de charlas - obradoiro, en función da demanda dos últimos anos, que se asignarán por rigorosa orde de inscrición. Un centro educativo non poderá solicitar mais de 2 charlas - obradoiro.

Concretamente, ofértanse 60 charlas - obradoiro para o curso escolar 2021-2022, que se reparten da seguinte forma: a provincia de A Coruña ten asignadas 25 charlas, Pontevedra 25, Lugo 5 e Ourense 5.

**Como solicitalas?**

Se están interesados en que impartamos estas charlas - obradoiro no seu centro educativo, poden poñerse en contacto con nos a través dos seguintes medios:

- do correo electrónico [ana@arela.org](mailto:ana@arela.org);
- do teléfono 986.212.537

**Quen somos?:**

**Asociación ARELA:** ten como misión o desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galicia, en risco de exclusión, en situación de desprotección ou en conflito social, fomentando iniciativas de intervención e prevención nestas situacións, de calidade e normalizadoras, cun compromiso continuo pola xustiza social, a través da implicación das persoas que a constitúen.

**Fundación Barrié:** traballa coa comunidade educativa, na procura da posta en valor do talento compartido, xa que a educación é o eixo da actividade da Fundación que desenvolve prioritariamente en Galicia, proxectos en 3 áreas de actuación: educación e investigación, patrimonio e cultura, e acción social.

Esperando poder colaborar con vostedes proximamente, despedímonos cun cordial saúdo.

Asdo. Ana Pérez Figueroa  
Coordinadora da Área de Conflito Social da Asociación ARELA

**Fundación Barrié**

